



Con data 19 de novembro de 2003 (BOE nº 277) publicouse a lei 40/2003 de 18 de novembro de Protección ás Familias Numerosas. Entre outras novidades o seu artigo 4 reduce a dúas as categorías de familia numerosa: especial e xeral. O artigo 7 establece a data e efectos do título oficial.

Si ata agora para poder acollerse ós beneficios de familia numerosa era preciso ter en vigor o título dentro dos prazos de matrícula, ou ben no momento de solicitar o beneficio correspondente, a partir da entrada en vigor da citada lei bastará con acreditar que se ten solicitado dentro do prazo aínda que a data de expedición sexa posterior. Para estes efectos chegará coa presentación da copia da solicitude selada polo organismo tramitador.

Este requisito non é suficiente para acreditar a condición de familia numerosa, debendo presentar, en todo caso, o título oficial expedido ou renovado. No caso contrario, se o alumno se acolleu ós beneficios de familia numerosa presentando só copia da solicitude de expedición ou renovación e posteriormente non presenta o título, será requerido para que aboe os prezos públicos correspondentes. En caso contrario, aplicarase o procedemento que estea establecido a tal efecto.

Por último, os alumnos que pretendan redución de taxas de prezos públicos pola expedición de títulos ou de calquera tipo de certificados, deberán acreditar a condición de familia numerosa presentado o correspondente título actualizado de familia numerosa.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2004
O XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA



Ramon García Rei
Ramon García Rei